

YLLANA THE GAG MOVIE

A COMPAÑÍA

Yllana naceu en 1991 como compañía de teatro de humor xes-
tual, aínda que ao longo da súa traxectoria diversificou a súa ac-
tividade, ofrecendo distintas propostas escénicas e audiovisuais.

En 29 anos visitou máis de 30 países, realizou máis de 2000 repre-
sentacións e congregou preto de millón e medio de espectadores/
as. Recibiron galardóns como o *Outstanding Unique Theatrical Event*
pola no *Fringe Festival* de Nova York, ou o premio ao Mellor espec-
táculo estranxeiro do *Festival Printemps des Courges* de Toulouse.

O traballo de Yllana déixase ver dende 1996 na xestión do Tea-
tro Alfil de Madrid. A súa aposta céntrase no humor sen palabras,
humor universal que soubo chegar a escenarios de todo o mun-
do. Logo de varias décadas en escena, Yllana é xa unha empre-
sa consolidada no sector, caracterizada pola profesionalidade
e complicidade que confire a todos os seus proxectos, así como
pola infinidade de premios, recoñecementos e espectáculos que
a dotan dun lugar destacado na historia do teatro de comedia.

O ESPECTÁCULO

Rodar unha película nunca é tarefa fácil, e menos cando a actriz
principal é unha diva insoportable, o director un perfeccionista
obsesivo, o produtor un mafioso rañicas e o actor principal foi
substituído polo sobriño do produtor, a pesar de non ter talento
algún para a actuación.

Yllana introdúcese desta volta na disparatada rodaxe dunha pe-
lícula, e fai unha divertidísima sátira sobre a fama, a imaxe e a
sétima arte. Cámara, acción e risas!



INFO



VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: César Maroto, Carlos
Jano, Rubén Hernández, Susana
Cortés e Antonio de la Fuente

XÉNERO: teatro



75'



ADULTO

